

NORMAS DE BOA CONVIVENCIA

Reencontros co Xacobeo 2021 (Cód. procedemento PR926E)

- **Lembren viaxar co DNI**, pois pediránllo no medio de transporte (avión, tren ou autocar) e necesitarao durante as etapas do Camiño de Santiago.
- **Equipaxe.** Os participantes que viaxen en avión, poden traer 1 maleta de ata 23 kg. O mesmo en tren ou autocar.
- **Transporte.** Á chegada a Galicia, persoal da organización estará a esperar no aeroporto ou estación de Bus/Tren, para os traslados ata o Balneario. Durante a estancia están previstas excursións en autocar, os asentos están asignados e son fixos (por medidas COVID).
- **COVID.** Á chegada ao balneario, instalarase un posto sanitario para realización de test de antíxenos. Agradécese a colaboración.
- **Guías.** Os participantes estarán acompañados durante toda a estancia e excursións por guías turísticos acompañantes.
- **Tamos do Camiño.** Nos itinerarios onde existe a posibilidade de realizar un tramo a pé do Camiño, polo que se recomenda empregar calzado cómodo e xa usado.
- **Balnearios.** Non se permite ingresar a ninguén alleo ao Programa. No comedor, as mesas asignadas son fixas, non se poden cambiar (por medidas COVID).
- Todo o persoal de organización está á enteira disposición dos participantes durante a estancia.